



Expediente núm.: 578/2024

Procedemento: Bolsa de emprego para a substitución do posto de encargado de biblioteca en supostos de ausencia, incapacidade e situacións análogas do titular

PROVIDENCIA DE ALCALDÍA

Debido a que no cadro de persoal non existe outro persoal cualificado para o desempeño das funcións propias do posto, é preciso levar a cabo un procedemento de selección para confeccionar unha listaxe que se utilizará para substitucións en supostos de ausencia, incapacidade e situacións análogas do titular do posto de encargado/a da biblioteca municipal, creándose unha bolsa de emprego da que formarán parte aqueles/as aspirantes que fosen seleccionados/as, con fin de cubrir ditas necesidades en casos excepcionais e de carácter urxente e inaprazable necesidade. A estes efectos,

DISPOÑO

Incóese expediente para a elaboración das bases que rexerán o procedemento de selección para a formación da bolsa de emprego para a substitución do posto de encargado de biblioteca en supostos de ausencia, incapacidade e situacións análogas do titular, de conformidade cos principios de igualdade, publicidade, mérito e capacidade.

A Alcaldesa
Marta Giráldez Barral

ASINADO DIXITALMENTE NA MARXE

